

## Enrique Labarta Pose: apuntamentos para unha biografía

### Xosé Manuel Varela Varela

Perante a escasa contribución crítica actual con respecto ó estudo da literatura galega do século XIX, a non ser dos tres grandes mestres, encamiñamos, o catedrático Xosé María Dobarro Paz e o que isto escribe, o noso afán á recuperación dun autor menor do pasado século, desexo que rematou coa lectura dunha tese de licenciatura con título *A poesía galega de Henrique Labarta Pose*<sup>1</sup>, lida en xaneiro do ano 1994. Rescatamos o presente resumo feito sobre as notas biográfico-literarias que forman parte dun capítulo da mesma.

### Un poeta humorístico na crise do Rexurdimento galego

Enrique Labarta que nacera no mesmo ano en que Rosalía de Castro tiña dado ao prelo os seus *Cantares Gallegos*<sup>2</sup> non podía pertencer á época gloriosa do noso Rexurdimento, pois semellante podio fora reservado para os tres grandes monstros do XIX: Rosalía, Pondal e Curros. A súa obra e figura literarias debemos encadrala pois entre os que Ricardo Carballo Calero denomina *epígonos*<sup>3</sup> do Rexurdimento. Estes eran un grupo de escritores con características de seu: que foron nados en xeral na década de 1860, que presenciaron nos últimos anos da súa mocidade o rexurdir cultural e literario dos tres grandes mestres, que foron testemuñas do derrubamento do 98 español e que asistiron ó triunfo do Modernismo, do que se lles advirte algunha pegada<sup>4</sup>. Outras denominacións para o mesmo período sonnos ofrecidas por Francisco Fernández del Riego, *poetas de tránsito*<sup>5</sup>, ou por Benito Varela Jácome, *escritores de entre dous séculos*<sup>6</sup>.

### Un nacemento en berce nobiliario

Naceu o poeta festivo, Labarta Pose, na aldea señorial de Baio, concello coruñés de Zas, o 22 de xullo de 1863, sendo bautizado no mesmo día cos nomes de Enrique

1. Xosé Manuel Varela Varela, *A poesía galega de Henrique Labarta Pose*, Tese de licenciatura (iné dita), Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña, 1994.

2. Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*, Vigo: Establecemento Tipográfico de Juan Compañel, 1963.

3. Ricardo Carballo Calero, *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981<sup>3</sup>, pp. 469-516.

4. Ricardo Carballo Calero, ob. cit., pp. 469-516.

5. Francisco Fernández del Riego, *Historia da Literatura Galega*, Vigo: Galaxia, 1978<sup>4</sup>, pp. 115-119 e *Historia da Literatura*, Vigo: Galaxia, 1984, pp. 81-84.

6. Benito Varela Jácome, «Literatura gallega», en VV.AA., *Historia de Galicia*, Barcelona, 1980, p. 238.

Cándido Esteban. De seguro que os seus pais escolleran o nome de Enrique para o poeta, deixando ós que o apadriñaban, D. Esteban Romero e a súa curmá D<sup>a</sup> Cándida Labarta, os dous seguintes<sup>7</sup>.

O seu pai, D. Francisco Labarta, farmacéutico, era fillo de D. Pedro Labarta e D<sup>a</sup> María Raña, naturais da freguesía de San Miguel de Lebosende, Ourense. O apelido Labarta non é galego, senón que o debe o poeta a uns devanceiros seus naturais de Santa María de Escote, freguesía navarra do Bispado de Pamplona. A súa nai, D<sup>a</sup> Ramona Pose, era natural de Baio, filla de D. Juan Pose, de ascendencia nobre que lle proviña do devanceiro de nome Juan Pose de Andrade e Figueroa, e D<sup>a</sup> María (Martínez) Pardiñas<sup>8</sup>. Enrique foi o derradeiro fillo e o único varón do matrimonio Labarta-Pose, sendo anteriores a el as súas tres irmás, Generosa (1842), Gumersinda (1852) e María Consuelo (1855-1949)<sup>9</sup>.

Sabemos que D. Francisco era farmacéutico, pois o recoñecemento da súa profesión chega ata hoxe a modo de lenda popular, facendo dunha pedra que está na fronte da súa casa o lugar onde mazaba as herbas para facer as medicinas. Tamén se conserva un resto toponímico, así son coñecidos os famosos «carballos da botica»<sup>10</sup>, situados na entrada da casa do poeta.

Descoñecemos a data da defunción dos pais por non estaren soterrados en Baio, mais no rastrexo da obra labartiana atopamos numerosos indicios da súa prematura orfandade, quedando o poeta ó cargo das irmás e dun tío seu crego. Salientamos sobre todo o soneto que o troiano lle dedica á súa irmá Gumersinda, lamentándose da desaparición dos proxenitores e, tamén, dela mesma:

### A la memoria de mi hermana Gumersinda

Bajo de un mismo techo ambos nacimos,  
La misma madre con amor besamos,  
En torno a un mismo hogar nos calentamos  
Y en una misma cuna nos mecimos;  
Y, cuando, solos en el mundo, vimos  
Vacío ya el hogar que tanto amamos,  
Nuestra pena común los dos lloramos,  
Y nuestra soledad juntos partimos.  
Más tarde, aunque distinta nuestra suerte,  
Tu de mi te cuidabas con anhelo  
Y yo, te lo pagaba con quererte.  
¡Mas, ay, cuando eras mi único consuelo,  
Vino a poner entre los dos la muerte,  
La distancia que va, del mundo al cielo!<sup>11</sup>

7. Xosé Manuel Varela Varela, ob. cit., p. 18.

8. *Ibidem*, pp. 18-20

9. *Ibidem*, p. 18.

10. X.D.C., «No corenteseis aniversario da morte de D. Enrique Labarta Pose. Unha enxebre e sinxela lembranza», *La Voz de Galicia*, A Coruña, Maio 1971.

11. Xosé Manuel Varela Varela, ob. cit., p. 20.

## A etapa santiaguesa

Para o seu inicio no estudio terá que desprazarse á cidade do apóstolo. Alí recibiu a instrucción de primeiras letras no colegio Rubido, segundo nos conta Francisco Romero Lema<sup>12</sup>. Posteriormente cursará os estudos de bacharelato no Instituto de Segunda Ensinanza da mesma cidade entre os anos 1973-1877<sup>13</sup>. Nos dous exercicios para a obtención do grao de bacharel obtivo a cualificación de aprobado, cando contaba con catorce anos. O seu ingreso na Universidade solicítalo o 20 de setembro de 1877, matriculándose na sección de Dereito Civil e Canónico, da propia Facultade de Dereito. Labarta seguía así os pasos dos seus devanceiros, dado que, tanto Andrés Jacinto Pose Bermúdez e Figueroa, como Juan Pose de Andrade e Figueroa, foran avogados da Real Audiencia do Reino de Galicia<sup>14</sup>. Pasos que non levarían un camiño parello, xa que a súa inclinación non era a avogacía, senón a literatura. De aí que saldase o seu paso pola citada Facultade, segundo o seu expediente académico e como nos di Benito Varela Jácome, «con mediano aproveitamento»<sup>15</sup>. No seu conto, «El fabricante de palillos»<sup>16</sup>, fai unha declaración de intencións na que desbota a posibilidade de exercer como avogado:

Seguí esa carrera, por rutina y sin vocación, porque otros amigos míos la seguían. ¿A dónde vas, Vicente? ¡A donde va la gente!<sup>17</sup>

Por eso, cuando a los 21 años de edad, me entregaron el título de Licenciado en Derecho Civil y Canónico, exclamé consternado. -¡Dios mío! ¿En dónde pongo yo ahora este papel que no me sirve para nada?<sup>18</sup>

Y ahora veo, que he equivocado el camino<sup>19</sup>.

Mi cerebro no está organizado para la defensa de causas perdidas. Pero ¿qué hago yo ahora?<sup>20</sup>.

La cosa ya no tiene remedio. Meta usted ese papel en el cajón de la mesa de noche, y busque nuevos rumbos<sup>21</sup>.

Malia todo iso, no ano 1884 deu remate ós seus estudos e o 28 de xuño do mesmo, cando contaba con 21 anos, obtería o grao de licenciado en Dereito co tema «De la pena de muerte»<sup>22</sup>. O encerro para a realización deste exercicio motivou ó poeta a

12. Francisco Romero Lema, «Enrique Labarta Pose», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7 setembro 1963.

13. Xosé Manuel Varela Varela, ob. cit., pp. 21-22.

14. *Ibidem*, p. 22.

15. Benito Varela Jácome, «Labarta Pose y sus cuentos», en Enrique Labarta Pose, *Cuentos Humorísticos*, Santiago: Porto y Cía. Editores, col. 7 estrelas, 1960, p. 9.

16. Enrique Labarta Pose, «El fabricante de palillos», *Coruña Moderna*, A Coruña, nº 24, 13 agosto 1905.

17. *Ibidem*; vid. tamén Xosé María Dobarro Paz, «Enrique Labarta Pose», *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XVIII, p. 141.

18. Enrique Labarta Pose, «El fabricante...», ob. cit.

19. *Ibidem*.

20. *Ibidem*.

21. *Ibidem*.

22. Benito Varela Jácome, «Labarta Pose y sus cuentos», ob. cit., p. 5 e Xosé Manuel Varela Varela, ob. cit., p. 24.

compoñer un poema pedíndolle axuda ó seu amigo Jesús Fernández Suárez, poema que despois recollerá Alejandro Pérez Lugín como un paso na vida universitaria de Casimiro Barcala, protagonista principal de *La Casa de la Troya*<sup>23</sup>.

## Aventuras e desventuras dun troiano

En torno á figura de Casimiro Barcala e Enrique Labarta, xurdiu unha «polémica» levantada por Xosé Iglesias Roura. Este, publicara un artigo no diario coruñés *El Noroeste*, co título de «¿Quién es Barcala?», dado que atopaba certas similitudes entre ambos troianos. O artigo tivo a súa resposta por parte de Alejandro Pérez Lugín, primeiramente en prensa<sup>24</sup> e despois sería recollido no seu libro, *La corredoira y la rúa*. Lugín xustificaba a súa novela como un recordo do seu pasado estudantil santiagués. Aínda que o seu propósito nunca fora fotografar as persoas, senón o ambiente; o único retrato que lle interesaba era o de Santiago na súa actitude máis sinxela e simpática. E as similitudes entre os dous troianos eran; en primeiro lugar, os nomes:

la semejanza eufónica [que] dicen, con harta elocuencia, que simpatía lejana movió mi pluma al trazar esta figura, que si no descubre más rasgos del famoso y escondido poeta del Gaitero de Bayo, A fonte do demo, Os touros de Noya, etc., etc., ... fue porque el temor de disgustar al susceptible, inolvidable y olvidadizo amigo, contuvo mi pluma y hasta me hizo romper las cuartillas narradoras de aquellos saladísimos incidentes entre Labarta sin dinero, la tacañería de aquel canónigo, su tío o encargado, y la cajita de música que el poeta llevaba en el bolsillo para amenizarse los sermones sin dádiva del severo y agarradísimo señor<sup>25</sup>.

En segundo lugar, como se dixo arriba, Lugín fai que Casimiro Barcala repita o encerro no que Labarta compón os devanditos versos a Don Jesús Fernández Suárez, aínda que os da novela conteñan os erros propios do recordo:

Sí, señor; de él son los versos, pese a los errores de recuerdo<sup>26</sup>

Y el poeta, así que se vio dentro del aula, tiró al suelo, de un gentil manotazo, los abultados tomos que le habían traído de la biblioteca para preparar su discurso, requirió la pluma, y en el pliego de papel de barba que debía servirle para trazar el esquema de la sabia peroración, escribió a su encargado, el notario Fernández Suárez, una de las mejores personas de la ciudad, aquella famosa y larga carta en verso, que luego aprendieron de memoria varias generaciones de estudiantes:

23. Alejandro Pérez Lugín, *La casa de la Troya*, Santiago: Librería Galí, 1990<sup>97</sup>.

24. Alejandro Pérez Lugín, «La 'troya' y los 'troianos', ¿quién es Barcala? Carta abierta a un preguntón», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13 agosto 1919.

25. Alejandro Pérez Lugín, «De ti pra min. 'La Troya' y los 'troianos'. Quién es Barcala. Carta abierta a un preguntón», *La Corredoira y la rúa*, Madrid: Alejandro Pueyo editor, 1923<sup>3</sup>, pp. 259-277.

26. Alejandro Pérez Lugín, ob. cit., 1923, p. 271.

Querido don Jesús, hombre bonísimo;  
esta carta os escribe un pobre náufrago  
que en el mar proceloso del examen,  
con medrosa impaciencia está esperando  
a que le digan: «¡Tome usted su título!»  
o «¡Váyase con Dios a plantar rábanos!»<sup>27</sup>

aínda que non son máis ca inicio daquela:

Carta a D. Jesús Fernández Suárez

Universidad 2 y cuarto tarde, Junio 28-84.

Querido Don Jesús, hombre bonísimo:  
esta carta le escribe un pobre náufrago  
que en el mar de la ciencia está sin brújula  
¡y sopla en aquilón de un modo bárbaro!<sup>28</sup>

mais non son os únicos versos labartianos recollidos na novela, pois tamén aparecen aqueles que se refiren ó famoso profesor «romano»:

¡Vedle! El último romano,  
semoviente pergamino...

... ..

Hasta el sombrero cepilla,  
con graves solemnidades,  
y hace sus necesidades  
a toque de campanilla<sup>29</sup>.

e, por último, o carácter da personalidade galega de Barcala, tamén o recolle Lugín da forma de ser do poeta festivo:

De Labarta es el desenfado y la ironía zumbona de Barcala, la socarronería y, sobre todo, el galleguísimo carácter<sup>30</sup>.

Nin que dicir hai, que despois de toda esta «polémica» levantada polos anteriores, Labarta dedicara a Lugín un extenso poema en castelán, «La Troya y Los Troyanos»<sup>31</sup>, onde recorda o seu pasado troiano e laméntase daquela época exuberante en acontecementos pero pouco fructífera en comodidades económicas.

27. Alejandro Pérez Lugín, ob. cit., 1990, p. 271.

28. Ver o poema enteiro en Enrique Labarta Pose, *Poesías en Gallego y Castellano*, Barcelona: Editorial Petritxol, s.d., pp. 114-117.

29. Vid. o poema enteiro en Enrique Labarta Pose, *Bálsamo de Fierabrás*, Madrid: Librería de Fernando Fe, 1889, pp. 217-221.

30. Alejandro Pérez Lugín, ob. cit., 1923, p. 277.

31. Enrique Labarta Pose, «La Troya y Los Troyanos», *Poesías en Gallego y Castellano*, ob. cit., pp. 104-115.

## As publicacións santiaguesas

No mesmo ano do seu casamento con Elisa Martínez del Río, estanqueira en Santiago<sup>32</sup>, 1884, publica o seu primeiro libro, *Ultima novedad*<sup>33</sup>, en castelán, agás un poema en galego, «Meu orfño», no que amosa as influencias que por daquela estaba exercendo o poeta de Celanova, Manuel Curros Enríquez<sup>34</sup>. O que outrora se convertera no principal animador estudiantil é agora un xenio dedicado á cultura na cidade de Santiago, publicando libros, revistas e colaborando na prensa da época. As súas primeiras colaboracións apareceran na *Gaceta de Galicia*, dirixida por Antonio Fernández Tafall, e que abría o periódico ás diversas xeracións estudiantís, como a aquel grupo da «Juventud Católica», colaboracións que antes de seren dadas ó prelo eran lidas por Labarta no cenaculiño católico e no que os seus membros o oían encantados, mesmo se exhortaba ó poeta para que as compuxese e lese:

El señor Brañas, ayer,  
me dijo de esta manera:  
Haga usted un verso cualquiera  
para mañana leer<sup>35</sup>.

Naqueles periódicos satíricos ou humorísticos, anteriores ós seus, vai dar á luz Labarta as súas colaboracións. Así podémolas atopar en *El Ciclón*, *Café con Gotas*, *O Galiciano*, *Galicia Recreativa*... Con posterioridade recolleríanse poemas seus, en galego ou castelán, nas diversas publicacións existentes tanto aquí na Península como na emigración, especialmente en Cuba, onde o seu amigo Waldo Álvarez Insua, espallaba a súa obra pola illa. O seu primeiro traballo en serio na prensa sería na redacción do periódico santiagués *Galicia Liberal*:

Yo le conocí y traté a partir de 1884 y fuimos compañeros de redacción del periódico bisemanal compostelano titulado 'Galicia Liberal', de que era editor y propietario Eusebio Alonso, sucesor de Mirás, cuya redacción e imprenta estaban instaladas en la calle de la Raña, periódico que tuvo poca vida<sup>36</sup>.

Debido á importancia que cobrara na prensa da época, non falta quen lle atribúa a dirección dalgún periódico. Tal é o caso de César Antonio Molina cando presenta a Labarta como o fundador de *El País Gallego*<sup>37</sup>, do que foran os seus directores Ramón María del Valle-Inclán e González Besada.

32. Francisco Romero Lema, ob. cit.

33. Enrique Labarta Pose, *Ultima novedad*, Santiago: Imprenta de Jesús L. Alende, 1884.

34. Mariano Miguel del Val, «Literatura regional gallega. Curros Enríquez y sus continuadores», *A Nosa Terra*, nº 31, 21 marzo 1908 e Uxío Carré Aldao, «In memoriam. Enrique Labarta Pose», *Bálsamo de Fierabrás. Poesías Humorísticas por Enrique Labarta Pose*, A Coruña: Biblioteca Lírica «Lar», s.d., p. 7.

35. Alejandro Pérez Lugín, ob. cit., 1923, p. 272.

36. Manuel J. Lema, «Muerto y olvidado. Enrique Labarta Pose», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 11 xuño 1926.

37. César Antonio Molina, *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1989, p. 105.

A primeira publicación periódica fundada por Enrique Labarta foi a revista bilingüe *Galicia Humorística* no ano 1888, sendo saudada desde Ourense polo *Tío Marcos d'a Portela*:

En Santiago vai ver a luz unha revista quincenal c'o título de 'Galicia Humorística'.

Pra himoradas estamos.

A non ser que dean a revista gratis e co-ela unha poya de pantrigo.

Fora mellor, pr'os tempos que corren que viñese ô mundo periodístico unha revista titulada Galicia Famenta<sup>38</sup>.

O 10 de novembro de 1890 é a data de aparición do primeiro número da revista *La Pequeña Patria*, que funda e dirixe coa colaboración de José Tarrío García. Leva como subtítulo: «Revista decenal de literatura, ciencias y artes. Continuación de Galicia Humorística». Se ben ten como precedente este último título, non acadaría a importancia e calidade da primeira. Coa publicación do derradeiro número desta revista (28 de febreiro de 1891) dá Labarta remate ó seu fructífero período comezado cando aínda era un universitario. Laméntase nel da súa posición dentro da literatura, xa que esta non lle dá para comer e manter a familia, e do seu abandono da avogacía.

Pero esta decepción pola literatura recupérase cando Don Eduardo Vincenti Reguera, sen coñecer para nada ó poeta lle procura un emprego oficial. Labarta tivéralle ofrecido a este a dedicatoria que precede ó seu libro bilingüe, *Bálsamo de Fierabrás*, onde se recollen tamén diversas anécdotas compostelás do autor escritas polo prologuista carballés Alfredo Brañas.

## A etapa pontevedresa

Labarta desprázase a Pontevedra por mor do seu traballo de oficial de Facenda. Se na anterior etapa da súa vida gañara popularidade, nesta non será menos. Aínda que seguiu colaborando na prensa contemporánea, o que lle proporcionou máis éxito foron as súas revistas *Extracto de Literatura* e *Galicia Moderna*. *Extracto de Literatura*, levaba como subtítulo o lema: «Semanao Dosimétrico Ylustrado. Escrito por varios gallegos de buen humor». É publicado o número 1 en Pontevedra o 7 de xaneiro de 1893. Apareceron 46 números, sendo dirixidos os derradeiros polo pontevedrés Torcuato Ulloa. *Galicia Moderna*, Revista quincenal ilustrada, aparece o 1 de xuño de 1897, cesando co número 30 o 15 de xullo de 1898. O seu primeiro propietario foi Xerardo Álvarez Limeses, pasando a súa propiedade despois de abril do 1898 a Labarta. Publicou unha terceira revista, redactada integramente por el no ano 1894 e que levaba por título, *Pasatiempos*; unha recompilación afortunada de poesías e artigos, da que só saíron catro números. Non ía ser menos e a súa aparición suscitaría unha anécdota cando recomenda á Deputación de Pontevedra que lle adquira algúns exemplares, versificando a prosaica petición, convertendo así nunha páxina suxestivamente donosa o que debiera ser un ríxido e espido pedimento administrativo<sup>39</sup>.

38. «Casos e Cousas», *O Tío Marcos d'a Portela*, Ourense, Parrafeo 203, 13 Novembro 1887.

39. Prudencio Landín, «El poeta Labarta Pose», *De mi viejo carnet I*, Pontevedra, 1949.

En 1896 fai unha recompilación dos seus poemas galegos máis coñecidos e publicaos co nome de *Millo miúdo*<sup>40</sup> para dedicarllos a D. Laureano Salgado. No tempo do entroido de 1900, escribe o propósito carnavalesco, *Pontevedra en 1900*<sup>41</sup> con música de Isidro Puga e que sería estreado o 1 de marzo de 1900 no Teatro de Pontevedra.

Comotivo dun ascenso no seu traballo como oficial de Facenda, agasalla ó seu amigo e protector, D. Eduardo Iglesias Aniño, coa obra, integramente en castelán, *Adormideras. Poesías festivas*<sup>42</sup>. Neste libro recolle o poema «¡Yo carterista!»<sup>43</sup> versos que compuxo despois dun incidente que lle aconteceu en agosto de 1899, e no que o vigués Sr. Coloré, sen razón, o acusaba de roubarlle a carteira no interior dun tren<sup>44</sup>.

No mes de agosto de 1903 é premiado o seu longo poema «A festa da patrona de Tabeirón»<sup>45</sup>, nos xogos florais do Círculo Católico de Obreiros de Pontevedra, poema que para os profesores Ricardo Carballo Calero<sup>46</sup> e Francisco Fernández del Riego<sup>47</sup>, débese ter polo mellor froito que deitou a lira labartiana.

Outras anécdotas, ou desventuras, téñenlle acontecido na cidade do Lérez. Así non escapou á súa musa o epitafio creado para o famoso loro falador Ravachol de Don Perfecto Feijoo:

Aquí, con lenguaje vario,  
gracioso, breve y mordaz,  
regocijó al vecindario  
el loro del boticario  
¡que hoy duerme en la eterna paz!  
¡Qué inmortalice esta losa  
su nombre bien merecido  
quien nuestra vida alegró!  
¡Cuánto gran hombre reposa  
que otro tanto no lo logró!<sup>48</sup>.

ou a facilidade versificadora que intentaron poñer a proba os seus compañeiros do *Diario de Pontevedra* ó entregarlle as catorce consonantes forzadas («crema, cesantía, alegría, emblema, lema, filosofía, aplopegía, extrema, ventura, entresuelo, dulzura, desvelo, abertura e pelo») coas que compuxo un soneto sen máis tempo có preciso para escribilo:

De los sonetos ahí os va la crema  
Aunque Apolo me dé la cesantía,

40. Enrique Labarta Pose, *Millo miúdo*, Pontevedra: Imprenta de la Viuda e Hijos de Carragal, 1896.

41. Enrique Labarta Pose, *Pontevedra en 1900*, Pontevedra: Tipografía La Oliva, 1900.

42. Enrique Labarta Pose, *Adormideras. Poesías festivas*, Pontevedra: Tipografía de A. Landín, 1902.

43. *Ibidem*, pp. 61-66.

44. Prudencio Landín, «Una protesta en verso», *De mi viejo carnet III*, Pontevedra, 1951, pp. 162-175; ver tamén, Francisco Romero Lema, ob. cit.

45. Enrique Labarta Pose, *A festa da patrona de Tabeirón*, Caldas de Reis: Imprenta de Fray Prudencio, 1904.

46. Ricardo Carballo Calero, ob. cit., p. 477.

47. Francisco Fernández del Riego, ob. cit. 1978<sup>4</sup>, p. 116 e ob. cit. 1984, p. 82.

48. Prudencio Landín, «El loro de don Perfecto Feijoo», *De mi viejo carnet III*, ob. cit., pp. 139-140.

Que los ripios me llenan de alegría  
Y es cada ripio para mi un emblema.  
Tomarlo todo a broma es el gran lema,  
No pensar, la mejor filosofía:  
Porque suele morir de apoplejía  
Quien en el mundo su dolor extrema.  
¡Viva el placer, la juerga, la ventura!  
Pensando así, en guardilla o entresuelo  
Goza el más pobre sin igual dulzura;  
Que en medio de su pena y su desvelo  
Aún le queda en el alma una abertura  
Para tomarle a su vecino el pelo<sup>49</sup>

noutra ocasión, falando das palabras castelás que non teñen consonantes e coas que non é posible facer versos rigurosamente aconsonantados, Labarta díxolles que un poeta está obrigado a encontrar sempre un consonante apelando a calquera recurso; acto seguido puxérono a proba para que buscase consonancia á palabra *lápiz*, escribindo inmediatamente a seguinte redondilla:

Escribiendo con mi lápiz  
he cometido un desliz,  
pues, sin querer, puse tápiz  
en vez de poner tapiz<sup>50</sup>

## Os derradeiros camiños

Despois do seu ascenso a oficial terceiro de Facenda no ano 1902, sofre unha serie de traslados a distintas cidades españolas, o que provocará que vaia deixando pouco a pouco a literatura, e o ínfimo número de poemas que compón son escritos en castelán. É trasladado a Barcelona no 1904, para despois peregrinar a Burgos (1905), Valladolid, onde contraerá matrimonio con D<sup>a</sup> Felipa Genovés<sup>51</sup>, Barcelona, Ourense (1911), Toledo (1912), Barcelona (1913), Coruña (1919), onde aparecerá como colaborador literario en *El Ideal Gallego*, tanto con poemas en galego coma en castelán, e, definitivamente, a Barcelona desde 1920<sup>52</sup> ata o ano da súa morte. Nas sucesivas estadias nesta cidade catalana nunca deixou de participar nas actividades culturais, así sempre estaba presente nos actos que a comunidade galega celebraba.

A pesar de ir minguando a súa produción literaria, non por iso deixou de amar e lembrar á súa «pequeña patria», como tivera denominado a Galicia. Sentíase alleo en terra allea e observaba desde a distancia o precario discorrer das nosas letras de aí que lle remesase unha carta de alento para a fundación dunha editorial galega ó

49. Prudencio Landín, «El poeta Labarta Pose», *De mi viejo carnet I*, ob. cit., pp. 121-122.

50. *Ibidem*.

51. Xosé Manuel Varela Varela, ob. cit., p. 480.

52. Tomamos as datas de Francisco Romero Lema, ob. cit.

emigrante cubano retornado Ánxel Casal Gosenje, segundo nos informan os profesores Ricardo Carballo Calero<sup>53</sup> e Francisco Fernández del Riego<sup>54</sup>.

Labarta que comezara traballando como oficial cuarto de Facenda foi despois ascendendo progresivamente, ata lograr nos seus últimos anos ser xefe de Negociado de segunda.

Con respecto á obra dramática, á parte do anteriormente mencionado propósito carnavalesco *Pontevedra en 1900*, o membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, Francisco Romero Lema<sup>55</sup>, dinos que compuxo un sainete en galego, *Unha boa misa*, e as zarzuelas, en castelán, *Al planeta Marte* e *El Alcalde de Matalarrana*. Son documentos inéditos existentes no arquivo familiar do poeta, agás o primeiro do que o seu propietario non ten noticia<sup>56</sup>.

Finou o poeta humorístico na Clínica Salus de Barcelona, o 13 de maio de 1925, a consecuencia das graves feridas producidas no descarrilamento de trens do 9 de abril en Las Planas. Malia a operación á que se someteu, non puido cumprir os 62 anos o vate que choraba nos seus versos por aqueles que morrían na emigración, morte que tampouco desexaba para si mesmo:

¡Ai, por Dios, meus amiguiños,  
si por fado do Perello  
morro lonxe da terriña  
anque sexa por correo  
mandádeme a miña aldea.  
¡Si eiquí me enterran toleo!  
¡Non me acostumo antre mortos  
que non falan o gallego!<sup>57</sup>

Na data da súa morte fíxose eco toda a prensa catalana e galega, recordando ao finado como excelente e mellor poeta humorístico galego e tamén como prolífico director de revistas literarias. Como é irrelevante facer no presente artigo a súa total recuperación, soamente rescatamos a que se dera ó prelo no xornal *A Nosa Terra*:

A idade de 62<sup>58</sup> anos morreu en Barcelona, vítima das feridas sufridas na catástrofe ferroviaria de Las Planas, o distinto poeta D. Enrique Labarta Pose.

Escritor festivo que acadou unha grande popularidade, estaba agora arredado de Galicia e da literatura vivindo adicado ao traballo burocrático de Facenda, na que era xefe de negociado motivo polo que a xeneración actual case o desconoce a pesar de ser durante moito tempo un dos máis celebrados poetas satíricos galegos, laureado en numerosos certames e ter colaborado profusamente en moitos boletíns.

53. Ricardo Carballo Calero, ob. cit., p. 621.

54. Francisco Fernández del Riego, *Anxel Casal e o libro galego*, Sada: Edicións do Castro, 1983, p. 20.

55. Francisco Romero Lema, ob. cit.

56. Xosé Manuel Varela Varela, ob. cit., pp. 46-47.

57. Ver o poema enteiro «Que me enterran aló» en Xosé Manuel Varela Varela, ob. cit., pp. 458-460.

58. A idade está errada pois non os cumpriría ata o 22 de xullo.

Fundou e dirixiu varias revistas moi lidas, entre elas *Galicia Humorística*, *La Pequeña Patria*, *Galicia Moderna* e *Extracto de Literatura*<sup>59</sup>, nas que destacaba o seu inxenio e orixinalidade.

Entre as súas poesías de máis sona figura a «Revista d'unha corrida de touros en Noya» coa que hoxe honramos as páxinas de *A Nosa Terra*; a graciosísima «Veñan eses cartos», na que pedía humoristicamente se lle concedese o premio d'uns Xogos Froraes, «A festa de Tabeirón» e tantas outras espalladas por revistas e xornaes. Os seus celebrados libros «Bálsamo de Fierabrás», «Millo miúdo», «Poesías premiadas», «Cuentos humorísticos», amosan ben canto valía Enrique Labarta como poeta e como humorista.

Enrique Labarta naceu en Bayo (A Cruña), estudou en Compostela onde se fixo abogado, deixando logo a carreira de leyes pol-a literaria e entrando ao cabo nas oficinas de Facenda onde seguiu hastra súa tráxica morte.

Con fondo sentimento anotamos perda tan sensible para as letras galegas e enviamos o pésame ã familia do elurado vate, especialmente ao noso irmán e culto poeta Xosé Iglesias Roura<sup>60</sup>.

*Xosé Manuel Varela Varela*  
Malpica

---

59. Non menciona *Pasatiempos*, Pontevedra, 1894.

60. «Letras de loito. Enrique Labarta Pose», *A Nosa Terra*, n° 213, 1 xuño 1925.